



O Parlamento de Galicia amplía o horario de visitas á exposición sobre as orixes da Cámara lexislativa

- Rematado agosto, a mostra está aberta en horario de mañá e tarde, de luns a venres
- A presidenta da Cámara está remitindo invitacións a diferentes colectivos e institucións para que podan coñecer a exposición, que pon en valor os primeiros anos da Cámara lexislativa galega

Santiago, 12 de setembro de 2011.- O Parlamento de Galicia vén de ampliar o horario de visitas á exposición *Aqueles primeiros anos (1981-1989)*, aberta ao público na sede do lexislativo galego e que, desde o pasado 1 de setembro, se pode ver de 09,30 a 14,00 e de 16,00 a 19,00 horas, en días laborables.

Estes días, a presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, está a remitir invitacións a diferentes colectivos sociais, institucións e centros educativos para convidar aos seus integrantes a coñecer unha mostra que indaga e pretende poñer en valor a etapa inicial da Cámara lexislativa galega.

Etapa descoñecida da historia de Galicia

A exposición articúlase sobre diferentes paneis que amosan textos, imaxes, viñetas e material audiovisual, configurando unha aproximación amena a unha etapa fundamental, pero descoñecida, da historia contemporánea de Galicia.



A mostra foi inaugurada o pasado 4 de xullo polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, nun acto que contou coa intervención da presidenta da Cámara, Pilar Rojo, e a asistencia de numerosos convidados.

Durante os meses de xullo e agosto, a exposición estivo aberta en horario de mañá e recibiu visitas procedentes de toda Galicia, pero tamén de turistas doutros lugares que aproveitaron a súa estadía en Santiago para achegarse á sede do poder legislativo autonómico.

Bonificacións para os visitantes que se acheguen en tren

Paralelamente, o Parlamento de Galicia recorda que un acordo asinado con Renfe-Operadora permite ofrecer descontos do 40% sobre a tarifa vixente para os grupos organizados de persoas que utilicen o tren para desprazarse a Santiago e visitar a sede da Cámara legislativa galega.

Estes descontos son aplicables aos os trens de media distancia convencional que operan en Galicia e están en vigor catro días á semana, de luns a xoves.

Para beneficiarse deste desconto, os interesados deberán acreditar que teñen concertada unha visita ao Parlamento de Galicia –poden xestionarse por teléfono, correo electrónico ou a través da páxina web da institución: www.parlamentodegalicia.es e será de aplicación para grupos integrados por un mínimo de 10 persoas.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia